



## ANUNCIO

### EXTRACTO ACORDOS XUNTA DE GOBERNO DE 27.04.2016

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 27 de abril de 2016**.

**1.- Aprobación do borrador da acta** da sesión ordinaria do *20 de abril de 2016*.

**2.- Concesión de licenza** para a conservación e restauración do muro de peche do patio sur do colexio “La Inmaculada”, sito na rúa Concepción Areal, nº 35. Marín.

**3.- Declaración en estado ruina** do inmovible sito na rúa Banda do río, n.º 7.

**4.- Concesión de licenza** de cambio de uso de baixo cuberta a uso residencial, sito caella Torres nº 4 - Ático D. Marín.

**5.- Concesión de licenza** de cambio de uso de local de oficinas a uso residencial, sito caella Torres nº 4 – 2º F. Marín.

**6.- Toma en coñecemento** da resolución do 20 de abril de 2016 pola que se aproba á xustificación presentada polo Concello de Marín en relación á subvención concedida para a realización da actividade “PROGRAMA DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA”.

**7.- Toma en coñecemento** do acordo da Xunta de Goberno Local, de data 15 de abril de 2016, no que se aproba o cambio de aplicación solicitado polo Concello de Marín, ó abeiro do PPOS/15, da obra “Reposición de pavimentos en camiños do rural” para o investimento “Humanización da rúa Concepción Areal entre a rúa Jaime Janer e a Rúa do Sol”

**8.- Solicitude de subvención** ao abeiro da Orde do 11 de marzo de 2016, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos de Galicia e ás súas entidades públicas con personalidade xurídica propia e agrupacións de concellos, para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016.

**9.- Toma en coñecemento** da Orde do 1 de marzo de 2016, pola que se establecen as bases reguladoras da subvención destinada a concellos de Galicia para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físicos, con destino a bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas de Galicia, e se procede á súa convocatoria para ano 2016.

**10.- Rogos e preguntas.** Non se formulan